




Oferta persoal Estatutario 2021
Pinche
Acceso discapacidade intelectual



Primeiro exame: parte común

Instrucións en galego

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame:
Lembra que tes que facer o exame da parte específica,
espera as instrucións das persoas da organización.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Os delegados de prevención son:

- A) Nomeados pola autoridade laboral.
- B) Elixidos entre os traballadores que teñan o curso básico de prevención de riscos laborais.
- C) Nomeados por sorteo.
- D) Elixidos por e entre os representantes dos traballadores.

2. Os pinches de cociña pertencen ao colectivo de:

- A) Persoal estatutario sanitario facultativo.
- B) Persoal estatutario de xestión e servizos.
- C) Persoal estatutario especialista.
- D) Persoal estatutario técnico sanitario.

3. Sinale a resposta correcta:

- A) A custodia da historia clínica nos centros sanitarios do Sergas é responsabilidade do médico.
- B) A custodia da historia clínica nos centros sanitarios do Sergas é responsabilidade do paciente.
- C) Os pinches de cociña que traballan nos hospitais do Sergas poden acceder á historia clínica dos pacientes.
- D) O Sergas ten historia clínica electrónica.

4. O Estado español é:

- A) Unha monarquía constitucional.
- B) Unha monarquía democrática.
- C) Unha monarquía absoluta.
- D) Unha monarquía parlamentaria.

5. O órgano de goberno da Comunidade Autónoma de Galicia é:

- A) A Xunta.
- B) O Parlamento galego.
- C) O Presidente da Xunta.
- D) Os conselleiros.

Preguntas de reserva

1. Antonio é pinche de cociña no Hospital Clínico de Santiago.

O próximo mes de xuño estará de vacacións.

Que tipo de nomeamento temporal debemos realizar para cubrir a súa praza durante as vacacións?

- A) Un nomeamento de substitución.
- B) Un nomeamento de continuidade.
- C) Un nomeamento de interinidade.
- D) Un nomeamento eventual.